

BASES DOS BONOS DO DÍA DO PAI 2023

As bases reguladoras da iniciativa **BONOS DO DÍA DO PAI 2023** son as seguintes:

PRIMEIRA. OBXECTO

Os **BONOS DO DÍA DO PAI 2023** intégranse no proxecto de dinamización do tecido social e económico do Concello de Cambados, e co obxecto de reactivar os sectores comercial e hostaleiro, incentivando para elo a compra nos negocios de proximidade, para a superación dos efectos económicos negativos derivados da pandemia provocada polo COVID-19 así como da crise dos prezos das materias primas orixinada polo guerra de Ucarína.

A través Concellería de Comercio ponse en marcha unha campaña consistente na emisión de vales compra para o seu consumo nos negocios, establecementos comerciais e hostaleiros de Cambados, que contará coa colaboración da cidadanía para a revitalización da actividade económica local.

SEGUNDA. CONTÍA A APORTAR POLO CONCELLO

O Concello de Cambados aportará para esta campaña, a cantidade de **6.000 euros** para a emisión dunha partida de **600 lotes de vales compra por valor de 30 € cada un deles**, repartidos en 3 vales compra por valor de 10 euros cada un. Deste xeito, asegúrase un investimento de **18.000 Euros** que recaerán directamente nos negocios, establecementos comerciais e locais de hostalería de Cambados.

O custo de adquisición para os cidadáns será de **20 €**, asumindo por tanto o concello a cantidade de **10 € por lote**.

TERCEIRA. DURACIÓN

O prazo para gastar os vales, será do **13 de marzo ao 15 de abril de 2023**, ambos inclusive.

CUARTA. SOLICITUDE E PROCESO DE ADHESIÓN Á CAMPAÑA

Os establecementos interesados en participar, deberán cumprimentar e presentar na forma e prazo indicados na **BASE SEXTA** o documento de adhesión á campaña que estará á súa disposición no rexistro do Concello e nas oficinas da asociación Cambados Zona Centro, que irá acompañado da seguinte documentación:

- Fotocopia do NIF/CIF da persoa física ou xurídica titular da actividade.
- Fotocopia do NIF/CIF da persoa representante.
- Certificado de situación censal no IAE.
- Último recibo de autónomos de que se dispoña.
- Certificados de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Cambados, coa Facenda Estatal, coa Facenda Autonómica e coa Seguridade Social.
- Certificado da titularidade da conta bancaria.
- Outra documentación: a organización resérvase o dereito de solicitar calquera outro documento que considere necesario.

QUINTA. FORMA DE PRESENTACIÓN E PRAZO DA SOLICITUDE

Forma: A solicitude de participación presentarase a través da sede electrónica do Concello de Cambados. Os establecementos asociados a Cambados Zona Centro poderán delegar na asociación a súa inscrición, que se realizará a través dun listado de participantes adheridos á campaña, e que se deberá presentar durante o prazo de inscrición na campaña.

Prazo: o período de solicitude de adhesión á campaña por parte dos negocios e establecementos comerciais e de hostalería interesados comezará **o día 7 de marzo e rematará o 11 de marzo de 2023**. Non se admitirán máis solicitudes a partir da data límite.

SEXTA. OBRIGAS DO ESTABLECEMENTO ADHERIDO

A empresa adherida comprométese a:

- Aportar, en tempo e prazo, a documentación que lle sexa requirida.
- Colocar, nun lugar visible do seu establecemento, o material informativo e gráfico da campaña. O referido material contará de:
 - Bases da iniciativa.
 - Carteis identificativos .
- Facer un uso responsable dos vales evitando o uso fraudulento dos mesmos.

SÉTIMA. CARACTERÍSTICAS E CONDICIÓNNS DOS VALES

- Cada lote de vales compra terá un valor de 30 €, dividido en 3 vales de 10 €.
- O custo de adquisición do lote de vales compra para a público é de 20 €.
- Aforro: 10 €.
- Número de lotes: 600.
- Os vales non son cambiabes por diñeiro en efectivo, nin se devolverá cambio no caso de que o importe da compra sexa inferior ao importe do vale.
- No caso de que se produza unha devolución do produto, o establecemento deberá emitir un vale polo importe íntegro da compra, non sendo posible a devolución de diñeiro en efectivo.
- Número máximo de lotes de vales por DNI ou NIE: 1 lote.
- Os clientes deberán presentar os DNI orixinais no momento da compra.
- Non poderán adquirirse vales por medio de DNI de menores de 16 anos.
- Os vales compra poderán acumularse ata un máximo de 60 € (6 vales).
- Data límite de uso dos vales: 15 de abril de 2023.
- A adquisición dos vales realizarase fisicamente nos seguintes puntos de venda:
 - As oficinas da asociación **Cambados Zona Centro**
Rúa Nova, 4 • Telf. 986 52 09 02 ext. #742
 - **Seguros Juan Rey**
Avda. de Vilariño, 41 • Telf. 986 54 26 86

Así mesmo, tamén se admitirán reservas a través a páxina web www.cambadoszonacentro.com,

OITAVA. PROCEDEMENTO DE TROCO DOS VALES POR PARTE DOS ESTABLECEMENTOS ADHERIDOS

Os establecementos participantes, poderán trocar os vales na forma e prazos que se determinen no convenio coa asociación Cambados Zona Centro.

Os locais participantes deberán achegar á asociación Cambados Zona Centro os vales compra que reciban, selados e acompañados do ticket ou factura do gasto correspondente.

A asociación procederá ao aboamento das cantidades correspondentes a cada establecemento, mediante transferencia bancaria, na conta bancaria facilitada polo establecemento participante.

Non se abonarán vales falsificados, rotos, deteriorados ou presentados despois da data límite para a súa liquidación, establecida esta no 15 de maio de 2022

NOVENA. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación na presente campaña tanto por parte de negocios, como dos clientes, suporá a aceptación das presentes bases.

O CONCELLO RESÉRVASE O DEREITO DE APARTAR PARA FUTURAS CONVOCATORIAS, ASÍ COMO DENEGAR A LIQUIDACIÓN DOS VALES A AQUELES COMERCIANTES NOS QUE SE DETECTE UN USO FRAUDULENTO E LUCRATIVO DA CAMPAÑA